

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 20 DE ABRIL DE 2016.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 20 de abril de 2016, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN. (PSG-PSOE).

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE).

MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ (PSG-PSOE).

MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA (PSG-PSOE).

MARÍA DEL CARMEN REY TÚÑEZ (PSG-PSOE).

JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

FRANCISCO JAVIER BLANCO SÁNCHEZ. (PSG-PSOE).

JOSÉ DAVID GARCÍA ARCOS. (PP)

PATRICIA AGRAFOJO LOIS. (PP)

XESÚS PENA ESPÍÑA. (BNG)

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL (BNG).

Secretario: JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, secretario do concello.

Asiste a interventora do concello MARGARITA FERNÁNDEZ SOBRINO.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

---

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 09.03.2016.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 12.02.2016 AO 15.04.2016.

3º) RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE RECTIFICACIÓN DE ERRO EN ANEXO DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO 2016.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO A 31.12.2015.

6º) APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2016.

7º) DACIÓN DE CONTA DO PLAN PRESUPUESTARIO A MEDIO PRAZO 2017-2019.

8º) MOCIÓNS.

9º) ROGOS E PREGUNTAS.

---

## **1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 09.03.2016.**

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión do 09.03.2016.

Sometida a votación, o Pleno por unanimidade dos trece membros presentes acorda aprobala sen ningunha rectificación.

## **2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 12.02.2016 AO 15.04.2016.**

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto.

12.02.16.- Devolución de aval á empresa Arines SL para responder do contrato de subministración de materiais para as obras do POS 2015: lote 2: subministración de áridos e formigón.

12.02.16.- Devolución de fianza a José Sanmartín Diz para responder das obras de realización de arranxo dunha tubaxe de traída de auga na pista de Estrar a Guitiande.

12.02.16.- Devolución de avais á empresa Motivo JCB Galicia SA do contrato de subministro de máquina cargadora retroexcavadora, garantía provisional e definitiva.

12.02.16.- Devolución de aval á empresa Arines SL para responder do contrato de subministración de materiais para as obras do POS 2015: lote 1: subministración de tubaxes.

12.02.16.- Devolución de aval á empresa Cuadernas y Arcos SL para responder das obras de peche do campo de fútbol.

12.02.16.- Devolución de aval á empresa Visual Proxect Management SLNE polas obras de mellora e adaptación do acceso de entrada da sala de exposicións.

15.02.16.- Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo convocado para a provisión dunha praza de arquitecto interino.

15.02.16.- Aprobación de solicitude de subvención ao INEGA para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa, para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

15.02.16.- Aprobación de prórroga polo prazo de dous anos do contrato asinado coa empresa Ascensores Enor S.A.

16.02.16.- Aprobación do padrón fiscal conxunto das taxas por servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2015.

16.02.16.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida para o Plan de financiamento dos servizos sociais comunitarios básicos para o exercicio 2015.

16.02.16.- Aprobación do convenio de colaboración entre os concellos de Ames e Brión para a xestión compartida do programa integrado para o emprego Inserames-Brión IX.

16.02.16.- Devolución de aval á empresa Prorasa SL para responder das obras de realización de construción de catro vivendas unifamiliares no lugar de Quintáns.

16.02.16.- Devolución do aval á empresa Constructora Outon SLU da obra de acondicionamento da praza pública da Casa do Concello.

16.02.16.- Aprobación do expediente de modificación de créditos nº 2/2016.

17.02.16.- Declaración da caducidade da inscrición no padrón municipal de habitantes por non ter renovada a súa inscrición padronal.

17.02.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 36,30 euros (Vodafone Ono SAU).

17.02.16.- Deixar sen efecto a resolución desta alcaldía do 16.02.16 de aprobación de convenio de colaboración do programa integrado para o emprego Inserames-Brión IX debido a que o convenio confeccionado tiña erros derivados dos axustes dos custes.

17.02.16.- Aprobación dun novo convenio de colaboración entre os concellos de Ames e Brión para a xestión compartida do programa integrado para o emprego Inserames-Brión IX.

18.02.16.- Remisión de expediente ao Xulgado Contencioso - Administrativo núm. 2 da Coruña, polo recurso contencioso - administrativo interposto por José Manuel Cajaraville Baameiro, contra resolución de alcaldía de data 01.12.2015 sobre reposición da legalidade urbanística.

18.02.16.- Persoarse o concello no procedemento citado anteriormente encomendando a defensa e representación ao letrado Carlos Abal Lourido.

18.02.16.- Elevar a definitiva a lista provisional de admitidos e excluídos para a cobertura da praza de arquitecto interino.

19.02.16.- Denegación á empresa Ulla Sar SL da solicitude para poder ler o proxecto - proposta técnica presentada pola empresa adxudicataria do servizo de axuda no fogar ao estar os protocolos desta empresa protexidos pola Lei de propiedade intelectual.

19.02.16.- Aprobación do expediente de modificación de créditos nº 3/2016.

19.02.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 9.133,40 euros (facturas varias).

22.02.16.- Incluír no rexistro de asociacións do concello a asociación: Comisión de festas Pedra Viada.

22.02.16.- Desestimación do recurso de reposición interposto por Fernando Castro Fernández contra o decreto da alcaldía do 19 de xuño de 2015.

22.02.16.- Acordar a demolición dun galpón en Souto a custa do interesado.

22.02.16.- Declarar desistido da solicitude realizada por un veciño para a declaración de ruína dunha edificación sita no lugar de Liñares.

22.02.16.- Corrección de erro na nómina correspondente ao mes de xaneiro dunha traballadora.

22.02.16.- Convocatoria da Xunta de Goberno Local a celebrar o 23 de febreiro.

24.02.16.- Aprobación das liquidacións dos tributos da Xunta de Goberno Local celebrada o 23 de febreiro.

24.02.16.- Aprobación do proxecto e solicitude de subvención do obradoiro de emprego denominado RENOVAmes-Brión.

24.02.16.- Aprobar o proxecto e solicitude de subvención do obradoiro de emprego denominado Accede.

25.02.16.- Aprobar o proxecto corrixido de ampliación/acondicionamento de cunetas, rede municipal de pluviais en diversas pistas municipais ( Lamiño, Liñares e Vioxo - Luaña), cun orzamento de contrata de: 135.163,93 euros, IVE incluído.

25.02.16.- Pago nóminas do mes de febreiro.

25.02.16.- Recoñecemento de trienios dunha traballadora.

25.02.16.- Aprobación do padrón dos prezos públicos polos servizos culturais, educativos e de ocio, 1º prazo de 2015.

29.02.16.- Aprobación do proxecto e solicitude de subvención a AGADER das obras de mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

29.02.16.- Altas no padrón municipal de habitantes correspondentes ao mes de febreiro.

29.02.16.- Baixas no padrón municipal de habitantes correspondentes ao mes de febreiro.

29.02.16.- Autorizar comisión de servizos solicitada polo arquitecto municipal para o Concello de Ribeira.

29.02.16.- Contratación do servizo de escolas musicais, desde o 1 de marzo ata o 31 de xuño de 2016, á empresa Barbatana SL.

29.02.16.- Contratación do servizo de escolas culturais e obradoiros de maiores, desde o 1 de marzo ata o 31 de xuño de 2016, á empresa Barbatana SL.

29.02.16.- Convocatoria da Xunta de Goberno Local a celebrar o 1 de marzo.

29.02.16.- Aprobación do padrón dos prezos públicos polas actividades de formación de idiomas, 1º trimestre 2015-2016.

01.03.16.- Adxudicación do contrato de servizos de mantemento e reparación das redes de iluminación pública do concello á empresa Javi Luz Electricidad S.L.

01.03.16.- Iniciar expediente para a contratación do servizo de consultoría e asistencia técnica en materia de recursos humanos para o concello.

01.03.16.- Adxudicación á empresa Viajes Viloría SA, a execución do contrato de servizos de: vacacións para terceira idade 2016 a Mallorca.

01.03.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 2.405,48 euros (taxas anuncios deputación).

02.03.16.- Tomar coñecemento do desestimento do aspirante que acadou a maior puntuación para a praza de arquitecto interino e requirimento de documentación á seguinte aspirante.

02.03.16.- Rexeitamento dos recursos dealzada interpostos por dous aspirantes ao posto de arquitecto interino.

02.03.16.- Aprobación das liquidacións dos tributos da Xunta de Goberno Local celebrada o 1 de marzo.

03.03.16.- Incorporación ao servizo de axuda no fogar básico dunha veciña.

03.03.16.- Aprobación da conta xustificativa da contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2015.

03.03.16.- Paralización das obras consistentes na construción dunha edificación adosada ao andar baixo á edificación sita na da Avenida de Santa Minia.

03.03.16.- Ordenando a un veciño que execute a obriga asumida polo mesmo de axustar un muro na aldea de Vilar á aliñación.

03.03.16.- Expediente sancionador de tráfico.

04.03.16.- Nomeando funcionaria interina a Mónica Arias Carriba para a praza de arquitecto.

04.03.16.- Convocatoria de comisións informativas e pleno extraordinario a celebrar o 9 de marzo.

04.03.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 63.118,26 euros (facturas varias).

04.03.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 32.954,91 euros (Gas Natural S.U.R. SDG, S.A).

07.03.16.- Baixa do concello na Fundación Ruta Xacobeá do Mar de Arousa e Ulla.

07.03.16.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de marzo de 2016.

07.03.16.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar básica do mes de febreiro de 2016.

07.03.16.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dependencia do mes de febreiro de 2016.

07.03.16.- Devolución de ingresos do prezo público pola actividade de mente activa a unha veciña.

07.03.16.- Devolución de ingresos do prezo público pola actividade de baile galego a unha veciña.

07.03.16.- Devolución de ingresos do prezo público pola actividade de ioga a unha veciña.

07.03.16.- Estimación parcial do recurso de reposición interposto por unha veciña contra o acordo polo que se lle desestimaba a devolución de ingresos do prezo público pola actividade de campamento de verán.

07.03.16.- Aprobación da lista de persoas beneficiarias do banco de alimentos para o mes de marzo.

08.03.16.- Decretar a execución subsidiaria das obras precisas para manter as mínimas condicións de seguridade nunha parcela sita no Rial.

10.03.16.- Devolución de aval á empresa Lappset España VR SL pola obra de instalación de pavimento continuo nos parques infantís do lugar de Pedrouzos.

10.03.16.- Devolución de ingresos do prezo público pola actividade de ximnasia rítmica a unha veciña.

10.03.16.- Devolución de aval á empresa Viajes Vitoria SA polo servizo de vacacións da terceira idade 2014.

10.03.16.- Aprobación das liquidacións de gastos por anuncios en boletíns do procedemento de contratación do subministro de materiais para a execución das obras incluídas no POS 2015.

10.03.16.- Desestimación de recurso de reposición interposto polo Centro Multiocio Brión SL contra a resolución de 30.12.2015 pola que se ordenaba o pagamento da indemnización por danos e prexuízos fixada na sentenza.

10.03.16.- Inicio expediente sancionador de tráfico.

10.03.16.- Aprobación da liquidación de gastos por anuncios en boletíns de procedemento de contratación do servizo de axuda no fogar.

10.03.16.- Reintegro da cantidade de 24,85 € a un traballador polo pagamento anticipado de dúas rodas.

14.03.16.- Rexeitamento do recurso dealzada interposto por un aspirante ao posto de arquitecto interino.

14.03.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de locomoción a un traballador por importe de 39,36 €.

14.03.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de locomoción a un traballador por importe de 19,99 €.

14.03.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos de locomoción a un traballador por importe de 16,85 €.

15.03.16.- Autorización para a celebración dunha festa no lugar de A Igrexa - Bastavales o día 19 de marzo.

15.03.16.- Aprobación das custas xudiciais fixadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia polo importe de 1.282,29 euros a favor de Multiocio Brión SL.

15.03.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos por importe de 600 € a favor da Xunta de Galicia polas custas xudiciais do recurso contencioso interposto polo concello pola entrega ao concello do antigo instituto de Esparís.

16.03.16.- Desistimento de solicitude de subvención para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística durante o ano 2016.

17.03.16.- Autorización para a celebración dunha festa no lugar de A Igrexa - Viceso o día 19 de marzo.

17.03.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 36,30 euros (Vodafone Ono).

17.03.16.- Aprobación da facturación de xaneiro e febreiro correspondente ao aluguer de local a Electricidade Cruceiro SL.

17.03.16.- Resolución de expediente sancionador de tráfico.

17.03.16.- Resolución de expediente sancionador de tráfico.

18.03.16.- Aprobación da liquidación das taxas polos gastos de adquisición de papel numerado da Xunta de Galicia polo importe total de 137,14 €.

18.03.16.- Sinatura do convenio de colaboración entre o concello e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí para apoiar o programa de Vacacións en Paz 2016.

21.03.16.- Traslado do expediente de baixa de oficio ao Consello de Empadramento para que emita informe.

21.03.16.- Autorización en comisión de servizos no Concello de Padrón aos tres policías locais do concello durante o día 27 de marzo, domingo de Pascua.

21.03.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 50.949,71 euros (facturas varias).

21.03.16.- Pago de nóminas do mes de marzo.

21.03.16.- Recoñecemento de trienios a un traballador.

21.03.16.- Recoñecemento de trienios a un traballador.

21.03.16.- Pago de produtividade.

22.03.16.- Comisión de servizos da traballadora social para a viaxe da terceira idade a Mallorca.

23.03.16.- Confirmación das solicitudes de alta na actividade viaxe Mallorca para a terceira idade.

28.03.16.- Inicio do procedemento de adxudicación do contrato de subministro de materiais para as obras dos proxectos do POS 2016.

28.03.16.- Inicio do expediente para a execución das obras dos proxectos do POS 2016 polo sistema de administración.

28.03.16.- Rectificación dun erro por omisión no anexo III do Regulamento de funcionamento da escola infantil municipal.

28.03.16.- Aprobación da conta xustificativa do proxecto anual de servizos sociais comunitarios para o exercicio 2015.

28.03.16.- Devolución de aval a Loreto Vázquez Lemos polo servizo de gabinete de comunicación do concello.

28.03.16.- Convocatoria da Xunta de Goberno Local a celebrar o 29 de marzo.

28.03.16.- Resolución de expediente sancionador de tráfico.

28.03.16.- Liquidación complementaria do 4º trimestre de 2015 referida a retencións e ingresos a conta do IRPF.

29.03.16.- Delegación de sinatura para o acto de recepción de varios traxes de intervención para o GES na 1ª tenente de alcalde.

29.03.16.- Inicio do expediente para a contratación da xestión do servizo de café - bar do centro social polivalente.

29.03.16.- Solicitud dunha subvención ao abeiro do programa de socorrismo dirixido aos concellos da provincia durante o exercicio 2016 da deputación.

29.03.16.- Solicitud á Consellería de Política Social da transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no decreto 99/2012.

29.03.16.- Delegación do exercicio das funcións da alcaldía na 1ª tenente de alcalde desde o día 5 ata o 10 de abril.

30.03.16.- Delegación especial na concelleira María Rosa Romero Fariña para autorización de celebración de matrimonio civil.

30.03.16.- Aprobación das modificacións do proxecto de mantemento de diversas pistas municipais de acceso a explotacións agrarias no concello solicitado a AGADER.

30.03.16.- Aprobación de expediente de modificación de crédito 4/2016.

30.03.16.- Aprobación de expediente de modificación de crédito 5/2016.

30.03.16.- Aprobación das liquidacións dos tributos da Xunta de Goberno Local celebrada o 29 de marzo.

30.03.16.- Inicio expediente procedemento sancionador de tráfico.

31.03.16.- Baixa no servizo de axuda no fogar dependentes dunha veciña.

01.04.16.- Altas padrón de habitantes do mes de marzo.

01.04.16.- Baixas padrón de habitantes do mes marzo.

01.04.16.- Aprobación de expediente de contratación e prego de cláusulas administrativas para o subministro de materiais das obras do POS 2016.

01.04.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 33.944,65 euros (facturas varias).

01.04.16.- Convocatoria Xunta de Goberno Local a celebrar o 4 de abril.

04.04.16.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de derogación da ordenanza reguladora da taxa por prestación do servizo de apoio psicoterapéutico e estimulación / reeducación da linguaxe.

04.04.16.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización dos servizos da escola infantil municipal.

04.04.16.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación do regulamento de funcionamento da escola infantil municipal.

04.04.16.- Inicio de expediente de rectificación do inventario municipal a 31.12.2015.

04.04.16.- Pago a xustificar de 190 € para a viaxe a Mallorca da terceira idade.

05.04.16.- Baixa no servizo de axuda no fogar para persoas dependentes dun veciño.

05.04.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 4.012 euros (Viajes Viloria).

07.04.16.- Aprobación inicial do padrón polos servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 1º trimestre de 2016.



07.04.16.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de abril.

11.04.16.- Solicitud de informes de secretaría e intervención sobre a reclamación presentada á aprobación inicial do orzamento 2016.

12.04.16.- Aprobación das liquidacións dos tributos da Xunta de Goberno Local celebrada o 4 de abril.

12.04.16.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 2.750,00 euros (premios do desfile de Entroido).

12.04.16.- Aprobación da conta xustificativa da subvención en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais do GES do ano 2015 da deputación.

13.04.16.- Aprobación da conta xustificativa da subvención do programa de financiamento de cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2015 da deputación.

13.04.16.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar básica do mes de marzo.

13.04.16.- Aprobación do padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dependente do mes de marzo.

14.04.16.- Aprobación do expediente de contratación e pregos administrativos do servizo de café- bar do centro social polivalente.

14.04.16.- Rexeitamento de recurso de reposición presentado polo Presidente da Fundación Ruta Xacobeá do Mar de Arousa e Ulla pola baixa do concello na fundación.

14.04.16.- Devolución de aval á empresa Outigar SL pola obra de colocación dun centro de transformación para dar servizo as 19 vivendas sitas na praza do concello.

14.04.16.- Inicio do expediente de contratación de subministro de gasóleo A e gasóleo C.

14.04.16.- Aprobación expediente modificación de crédito 6/2016.

14.04.16.- Inicio expediente sancionador de tráfico.

15.04.16.- Convocatoria de comisións informativas e pleno ordinario a celebrar o 20 de abril.

O Pleno queda enterado.

### **3º) RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE RECTIFICACIÓN DE ERRO EN ANEXO DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.**

Dada conta da resolución da alcaldía do 28.03.2016, cuxa ratificación foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos do 19.04.2016, que transcrita di:

Advertido erro por omisión no anexo III do Regulamento de funcionamento da escola infantil municipal do concello, aprobado inicialmente polo Pleno en sesión de data 17.02.2016, que se atopa neste momento en exposición pública, debido a un problema informático como consecuencia do tratamento de textos, posto que non constan no mesmo as puntuacións que lle corresponden á situación laboral.

Visto o informe do departamento de servizos sociais do 28.03.2016, no que se da conta do erro advertido.

Considerando que o Pleno facultou expresamente á alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión do acordo e do seu correspondente expediente, e visto o disposto no art. 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, resolvo:

1º) Rectificar o erro advertido no anexo III do regulamento sinalado no senso de engadir ao apartado 3º) Situación laboral, o seguinte texto:

Situación alegada:

	Puntuación
Situación laboral de ocupación de ambos proxenitores/responsables.....	10 ptos.
Situación laboral de ocupación de un dos proxenitores/responsables.....	5 ptos.
Situación laboral de desemprego de ambos proxenitores/responsables.....	4 ptos.
Situación laboral de desemprego de un dos proxenitores/responsables.....	2 ptos.

2º) Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre para os efectos da súa ratificación.

3º) Dar conta desta resolución ao departamento de servizos sociais para o seu coñecemento e efectos.

Debate: non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a ratificación da resolución dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a ratificación da resolución nos seus propios termos.

#### **4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO 2016.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 12.04.2016, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, que actúa como Comisión Especial de Contas do concello en sesión do 19.04.2016, que transcrita di:

Resultando que o Pleno en sesión de data 9 de marzo de 2016 aprobou inicialmente o orzamento xeral para o ano 2016, as súas bases de execución e o cadro de persoal para dito exercicio, xunto coa masa salarial para 2016.

Resultando que o orzamento foi sometido ao trámite de información pública consonte co disposto no art. 169 do R.D. Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncio publicado no BOP do 16.03.2016 e no taboleiro de edictos do concello.

Resultando que no trámite de exposición pública foi presentada unha reclamación polo funcionario Marcos Delgado García, con entrada núm. 1323, do 01.04.2016. O interesado sinala que ocupa o posto de oficial - xefe da policía local e ten un complemento específico anual de 5.907,17 euros, en tanto que os axentes baixo o seu mando, segundo a relación de postos de traballo publicada no BOP do 25.01.2012, perciben 5.316,45 euros, e que as contías fixadas no cadro de persoal son reprodución das que figuran na RPT e que para fixar o complemento específico é necesario realizar unha valoración do posto de traballo en función da especial dificultade, dedicación, incompatibilidade, responsabilidade, perigosidade e penosidade, polo que solicita que se estableza un criterio obxectivo de fixación do complemento específico dos postos de funcionarios da policía local do concello e que se incremente as contías do específico do oficial - xefe que deberá ser análoga á fixada para concellos homologables a Brión.

Vistos os informes de secretaría e intervención, e considerando que a anexo de persoal que forma parte do orzamento non é a relación de postos de traballo do concello, senón un simple anexo ( art. 168 TRLFL), unha plantilla ou cadro de persoal que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, onde deben figurar orzamentados os postos coas retribucións que derivan da valoración dos mesmos que consten na relación de postos de traballo, cos trienios e consolidacións de grao que acredite cada funcionario anualmente, e que se incrementan en función do que establece a Lei de orzamentos xerais do Estado anualmente.

É o documento da relación de postos de traballo prevista nos art. 72 e seguintes do Estatuto básico do empregado público, onde se establece o complemento específico dos postos de traballo ( este e os demais complementos), previa valoración dos postos, non só do complemento específico, sendo aprobada a relación de postos de traballo do concello polo Pleno en sesión do 07.12.2005 publicada no BOP do 28.01.2006 e as súas modificacións posteriores aprobadas polo Pleno en datas 25.03.2010 e 21.12.2011, publicadas no BOP do 06.05.2010 e 25.01.2012. A través do cadro de persoal como documento orzamentario non se poderán modificar as retribucións complementarias, senón que o instrumento para facelo é a relación de postos de traballo.

Os actos administrativos de aprobación da relación de postos de traballo e, no seu caso, das súas modificacións, son definitivos en vía administrativa e firmes por non ter sido recorridos, sendo no procedemento de elaboración da mesma cando o interesado debeu presentar a reclamación.

Considerando que segundo o artigo 170.2 do TRLFL unicamente poderán presentarse reclamacións contra o orzamento:

- a) Por non se ter axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos nesta lei.
- b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- c) Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentados ou ben destes respecto ás necesidades para as que estea previsto.

Se considera por esta alcaldía consonte cos informes sinalados que a reclamación do interesado non encadra en ningunha das causas polas que se pode interpoñer unha reclamación contra o orzamento, polo que propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Rexeitar a reclamación presentada polo funcionario Marcos Delgado García polos motivos anteriormente expostos.

2º) Aprobar definitivamente o orzamento para 2016, as súas bases de execución e o cadro de persoal para dito exercicio, xunto coa masa salarial para 2016, aprobado inicialmente por

acordo do Pleno do 9 de marzo de 2016, debendo publicarse resumido por capítulos no BOP, xunto co cadro de persoal. Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á CCAA simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial do anuncio para a publicación da aprobación definitiva.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

Debate:

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que entendemos as razóns legais pero iso non impide que o goberno negocie co afectado esa dedicación salarial porque fai unha comparativa con outros concellos e cobra moito menos.

O Sr. Alcalde sinala que estase a facer a relación de postos de traballo e é aí onde se terá que negociar a través dos sindicatos.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

## **5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO A 31.12.2015.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 12.04.2016, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, en sesión do 19.04.2016, que transcrita di:

En cumprimento do disposto no artigo 86 do RDL 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e realizados os traballos de rectificacións oportunas no inventario de bens e dereitos desta entidade.

Emitido informe por secretaría sobre lexislación aplicable e procedemento a seguir, propoño ao Pleno do concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a rectificación do inventario municipal de bens e dereitos pertencentes a este concello, referidos ao período comprendido entre o 31 de decembro de 2014 e o 31 de decembro de 2015, nos seguintes termos:

### **ALTAS**

#### **1. INMOBLES:**

1100036 PARCELAS NO POLIGONO DO BALADO.- Sobre a parcela nº 133 hai un parque infantil no que se levaron a cabo obras de instalación de pavimento continuo de caucho. A obra foi subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do Programa de subvencións dirixido aos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes para a realización de investimentos no ámbito do medio ambiente no 2014. A obra foi adxudicada por resolución da alcaldía do 4 de febreiro de 2015 á empresa Lappset España VR SL, por importe de 6.782,72 € e recepciónada con data 9 de marzo de 2015.

VALOR..... 6.782,72 €

1100039 TERREOS NO BALNEARIO DO TREMO.- No parque infantil instalouse o seguinte mobiliario:

2 corpos de madeira vaivén grillo: (247,46 €/unid) 494,93 €

VALOR..... 494,93 €

1221002 CASA CUARTEL DA GARDA CIVIL.- CENTRO DE SERVIZOS PARA A TERCEIRA IDADE. Instalación de fibra óptica 400 m, bandexas, conversores e latiguillos, conexión á rede de centralita e rede de datos.

VALOR..... 2.843,50 €

1221007 NOVA CASA DO CONCELLO.- Leváronse a cabo obras de instalación dunha pantalla de vidro de seguridade sobre a estrutura actual de tramex existente sobre o oco das escaleiras que dan acceso ao soto na praza do Concello. A obra foi adxudicada por resolución da alcaldía do 5 de febreiro de 2015 á empresa Marlo Marquesinas, por importe de 2.899,52 €

Colocouse unha varanda de tubo galva de 30 mm, feita pola empresa Comercial Mouriño Cerrajería, por importe de 738,10 €

VALOR..... 3.637,62 €

1222010 ORDENACION DO ENTORNO DA CARBALLEIRA DE SANTA MINIA.- No parque infantil instalouse o seguinte mobiliario:

2 asientos planos de goma negro: (183,92 €/unid): 367,84 €

1 asiento de seguridade: 398,09 €

1 asiento agarradera: 204,59 €

VALOR..... 970,52 €

1222012 LOCAL SOCIAL DE SABAXANS.- colocación de 6 xardineiras en madeira: (88,33 €/unid) 529,98 €

VALOR..... 529,98 €

1222015 ESCOLA INFANTIL DE AGRO NOVO.- Instalación de cableado desde o router á aula e punto de acceso a internet, con cableado cat 6, switch gigabit 8 bocas.

VALOR..... 400,00 €

1224002 PAVILLON POLIDEPORTIVO DE BRION.- No edificio descrito neste epígrafe, realizáronse obras de pintado da pista, de 1.125 m2 de superficie, con limpeza e escarificado previo, sinalización e pintado das distintas zonas de xogo. As obras foron adxudicadas por resolución da alcaldía do 17 de abril de 2015 á empresa Baygar SL, por importe de 21.734,63 €

VALOR..... 21.734,63 €

1224014 AREA RECREATIVA DE PONTE INSUA.- No edificio descrito neste epígrafe, destinado a instalación deportiva de remo e piragüismo, leváronse a cabo obras de reforma da fachada norte do pavillón, consistentes na colocación de tapeta de aluminio anodizado, atornillados sobre a estrutura de madeira interior.

A obra foi subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do Programa de subvencións dirixidos aos concellos e entidades locais para a realización de investimentos deportivos, durante o ano 2015, por importe de 3.497,35 € e adxudicada por resolución da alcaldía do 8 de maio de 2015 á empresa Tradeal SL.

VALOR..... 3.526,35 €

1224018 CAMPO DE FUTBOL DE BRION.- Reparación do portal grande do campo de fútbol, colocando un reforzado novo con marco metálico e pintalo. Importe: 453,75 €

Reforzado de 8 tramos de peche detrás das porterías, soldando tres tubos de 30 x 20 en cada tramo, substituír o mallazo por outro novo en 4 tramos e reparar con soldadura outros 4 tramos. Tamén se endereitaron 7 postes do peche do lado da autovía: Importe: 980,10 €

VALOR..... 1.433,85 €

1510008 O OUTEIRO (OS ANXELES) – SOUTULLOS.- Sobre esta estrada instaláronse redutores de velocidade tipo “Lombo de asno”. A obra “Instalación de redutores de velocidade en Cirro e Romarís” financiou polo concello e foron adxudicadas á empresa Eulogio Viñal Obras y

Construcciones SA, mediante resolución da alcaldía do 5 de febreiro de 2015 por importe de 1.497,21 €

VALOR:..... 1.497,21 €

1522104 SOUTULLOS – CORUXIDO.- Sobre esta estrada instaláronse redutores de velocidade tipo “Lombo de asno”. A obra foi subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña segundo convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello para o financiamento da obra de: instalación de redutores de velocidade na parroquia de Bastavales, asinado con data 9 de xullo de 2014. As obras realizáronse por administración do concello por importe de 8.728,22 € e foron recibidas o 3 de marzo de 2015. Este ben queda afecto á finalidade pública para a que foi concedida a subvención pola Deputación da Coruña polo menos durante un prazo de cinco anos.

VALOR:..... 8.728,22 €

Realizáronse obras de mantemento de diversas pistas rurais incluídas no “Proxecto de mantemento de diversas pistas rurais distribuídas pola totalidade do termo municipal de Brión”. Nas pistas de asfalto as obras consistiron na reparación, con limpeza de pistas e de cunetas, así como bacheo e asfaltado superficial mediante rego asfáltico e descríbense nos seguintes epígrafes:

1529307 VILAR OESTE  
1529104 SACRAMENTAL VILAR - ESPARIS  
1510002 SALAÑO GRANDE - OMBRE  
1521201 PÉRROS - CIRRO (POLA CARUNCHA)  
1522209 ENTRADA A CORUXIDO - SOUTO  
1523303 CIRRO - PISTA DA GANDARA  
1510008 O OUTEIRO (OS ANXELES) - SOUTULLOS  
1523203 SAN SALVADOR - BABENZO  
1523103 SAN SALVADOR - VILAS  
1522210 ENTRADA DE OSEBE - BEMIL  
1522307 OSEBE – CASALDOEIRO

Nas pistas de terra as obras consistiron en reparar con material filtrante os baches do firme, posterior compactación con zahorra e limpeza de cunetas e descríbense nos seguintes epígrafes:

1526304 A GRAÑA - TAMBRE  
1526303 A GRAÑA - LESTE  
1526103 ENCORO - VILARIÑO  
1526301 BUSTO DE FRADES - OESTE  
1527208 AMAÑECIDA - BUSTO DE FRADES  
1529404 MONTE DE ESPARIS - MONTE DE VILAR  
1529306 CASA DE VICENTE - REGUEIRO  
1529407 FORXAN - SOCOMBRO  
1529301 AGRA DE MOURENTANS - GRUPO ESCOLAR  
1529305 VILAR - VIOXO  
1529307 VILAR OESTE  
1529405 POUSADA – VEXO  
1527302 VEXO - LESTE  
1529301 AGRA DE MOURENTANS - GRUPO ESCOLAR  
1529102 ESTRADA DA DEPUTACION - A IGREXA  
1528204 SALAÑO - SANSON  
1528313 CORREDOIRA DOS RIALS (Salaño Grande)  
1528406 COTO DA GAREA - MONTOUTO  
1525304 TEMBRA - AGRO DO MUIÑO  
1521216 SOUTO - GONTADE  
1524208 CAMIÑO DA RESTRA

As obras foron realizadas por administración polo propio Concello e subvencionadas integramente pola Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do “Plan DTC 93 unha deputación para todos os concellos anualidade 2014” por importe de 141.010,26 €. As obras foron recibidas o 3 de setembro de 2015.

VALOR:..... 145.215,64 €

Realizáronse obras de mellora e mantemento de diversas estradas municipais incluídas no proxecto de “Mellora e mantemento de pistas no Concello de Brión, Tremo-O Cabo, Piñeiro-Sanín e A Graña”, descritas nos seguintes epígrafes:

1526401 A GRAÑA - VILARIÑO

1526102 GOIANS - ALFONSIN - A GRAÑA

1526202 ENTRADA A GRAÑA (desde pista de Busto de Frades).-

1521212 O TREMO - O CABO (rúa de San Ramón)

1521103 BUIO - SANIN

As obras realizadas por administración polo propio concello, consistiron no varrido e limpeza do firme, limpeza de cunetas e tratamento superficial con rego asfáltico. Foron financiadas pola Deputación Provincial ao abeiro do convenio de colaboración número 135/2014 por importe de 44.128,67 €. Foron recibidas o 17 de febreiro de 2015. Este ben queda afecto á finalidade pública para a que foi concedida a subvención pola Deputación da Coruña polo menos durante un prazo de cinco anos.

VALOR:..... 44.128,67 €

Realizáronse obras de reparación de beirarrúas incluídas no “Proxecto de mantemento de beirarrúas nas parroquias de Brión e Os Ánxeles, Concello de Brión”. As obras consistiron na reparación das beirarrúas, con limpeza xeral, para eliminar a vexetación e lixos, rexuntado e recolocación das baldosas en mal estado, nos seguintes lugares:

A Igrexa (Brión)

Pavillón Polideportivo

Avd. de Noia-Avd. Vicente Ramos

Avd. dos Ánxeles

As obras realizadas por administración polo propio concello, foron subvencionadas integramente pola Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do Plan Provincial de cooperación (POS 2014) por importe de 28.925,70 €. As obras foron recibidas o 17 de febreiro de 2015.

VALOR:..... 28.925,70 €

Realizáronse obras de mantemento de estradas incluídas no “Proxecto de mantemento de estradas de Brión de Arriba a Riazos, Gronzo, Brión de Abaixo (Brión), Casaldoeiro (Bastavales), Moldes (Luaña) e Pousada (Viceso)”. As obras consistiron na reparación, con limpeza de pistas e de cunetas, así como bacheo e asfaltado superficial mediante rego asfáltico, descritas nos seguintes epígrafes:

1524201 ENTRADA O ENXO

1522307 OSEBE - CASALDOEIRO

1527101 AMAÑECIDA - MOLDES

1529104 SACRAMENTAL VILAR - ESPARIS

As obras realizadas por administración polo propio concello, foron subvencionadas integramente pola Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do Plan Provincial de cooperación (POS 2014) por importe de 52.200,13 €. As obras foron recibidas o 11 de novembro de 2014.

VALOR:..... 52.200,13 €

Realizáronse obras de mantemento de pistas incluídas no “Proxecto de mantemento de diversas pistas municipais nas aldeas de Alfonsín, Mourentáns, Ons de Abaixo, Liñares, así como a pista de Esparís a Mourentáns e a pista de Hombre a Salaño Grande”. As obras consistiron na limpeza, preparación do firme e posterior tratamento superficial a base de rega asfáltica, descritas nos seguintes epígrafes:

1526102 GOIANS - ALFONSIN - A GRAÑA

1528102 PAZOS – ONS

1529103 MOURENTANS - ESPARIS

1524209 ENTRADA A LIÑARES NORTE

1510002 SALAÑO GRANDE - OMBRE

As obras foron adxudicadas por resolución da alcaldía do 3 de marzo de 2015 á empresa Alcomte Galicia SL. Foron subvencionadas pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, incluídas no Plan Marco Programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural no marco do PDR Galicia 2007-2013, por importe de 86.276,13 €. As obras foron recibidas o 15 de abril de 2015.

VALOR:..... 86.276,13 €

Realizáronse obras de acondicionamento dun tramo urbano de beirarrúa, emprazada no lugar de Soigrexa, parroquia dos Ánxeles, sobre a travesía da AC-300, consistentes na construción dun tramo de beirarrúa de 1,80 metros de ancho e dunha zona de aparcamento e estacionamento de vehículos. As obras foron adxudicadas por resolución da alcaldía do 3 de xuño de 2015 á empresa Alcomte Galicia SL. Foron subvencionadas parcialmente pola Xunta de Galicia ao abeiro da Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 22 de decembro de 2014, por importe de 9.559,00 €. As obras foron recibidas o 19 de xuño de 2015.

VALOR:..... 9.559,00 €

Realizáronse obras de mellora e mantemento de camiños rurais incluídas no "Proxecto de mellora e mantemento de camiños rurais interiores e pistas de comunicación entre distintos núcleos no Concello de Brión". As obras consistiron na limpeza, preparación do firme e posterior tratamento superficial a base de rega asfáltica nas pistas de asfalto e compactación con aporte de zahorra para mellorar o firme, nas pistas de terra, descritas nos seguintes epígrafes:

1521201 PÉRROS - CIRRO (POLA CARUNCHA)

1521205 AUGAS FERREAS - REBOREDO PEQUENO

1510010 CHAVE DE PONTE - A TELLEIRA

1524205 CAMIÑO DA FORXA

1527305 VIOXO DE ABAIXO – MONTE DA CRUZ

1523202 ACCESOS A GANDARA

As obras foron adxudicadas por resolución da alcaldía do 27 de febreiro de 2015 á empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA. Foron subvencionadas pola Deputación Provincial da Coruña a través de convenio de colaboración 7/2015, por importe de 86.126,77 €. As obras foron recibidas o 20 de maio de 2015 e os bens quedan afectos á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos..

VALOR:..... 86.126,77 €

## 5.- VEHÍCULOS:

5000036.- CISTERNA usada, marca MOGA M.7, matrícula E6575BCZ e número de bastidor: MC3894/04. Recepcionado o día 27 de febreiro de 2015.

VALOR:.....5.000,00 €

5000037.- ESPAREXEDOR DE SAL, modelo The Boss, número TG14341, para protección civil. Foi cedido en propiedade pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o 16/10/2015.

VALOR:.....3.614,00 €

5000038.- MÁQUINA BARREDORA, modelo Hako Citymaster C.M. 1.200,4 cilindros, tipo diesel,52 CV, matrícula E-1283-BFY, adquirida mediante leasing, téndose executada a opción de compra polo concello con data novembro de 2014.

VALOR.....78.349,68€

## 7.- MOBLES:

7010003 NAS OFICINAS XERAIS

Monitor LG23.6", Led Full-HD: 129,91 €

Control de accesos por impresión dixital: 1.498,25 €

VALOR:.....1.628,16 €

7010008. NA OFICINA DA POLICIA LOCAL

3 chalecos antibalas de seguridade policial, modelo Knightex, interior e exterior: 2.069,10 €

Cámara de fotos nikon coolpix L31, zoom 5X, gran angular, 16 MP e con funda: 150,00 €

VALOR:.....2.219,10 €



## 7.02.- NO PAVILLON

Moqueta base goma: 3.619,00 €

VALOR:..... 3.619,00 €

## 7.03 ESCOLA DE MÚSICA

Vitrina exterior modelo zafir de 21 follas cor area, subministrado por Doublet Ibérica SA: 851,84 €

Requinta de Sol (instrumento musical) subministrado por A Grileira: 394,99 €

Batería Premier Olympic Stage 22: 650,00 €

Ordenador de sobremesa Acer ASM3610: 599,00 €

4 microcadenas Sharp XLHF200: (199,23 €/unid) 796,92 €

8 percheiros mural bodo 6 color prata: (58,41 €/unid) 467,28 €

4 percheiros traño cromado 33x175: (87,32 €/unid) 349,28 €

VALOR:.....4.109,31 €

## 7.04.- BIBLIOTECA MUNICIPAL

Impresora canon pixma IP7250: 94,26 €

Tablet Samsung 4 quadcore, 8 gb, 1,5 ram, wifi, 1.2 ghz, con funda protección (aula CEMIT): 200,00 €

VALOR:..... 294,26 €

## 7.07 GARAXE-ALMACÉN

Desbrozadora Stihl FS-410: 755,65 €

Desbrozadora Stihl FS-260: 594,15 €

Cortasetos Stihl HS-45: 299,00 €

Soplador aspirador Stihl BG-56: 199,00 €

Soplador aspirador Stihl BG-56: 199,00 €

VALOR:.....2.046,80 €

## 7.08 CASA DA CULTURA

Mobiliario para Casa da Cultura ao abeiro da subvención da Deputación para a realización de investimentos culturais 2015:

2 persianas venecianas: 218,00 €

1 mesa con ala auxiliar acabado aluminizado: 559,02 €

1 caixoneira rodante con tres caixóns: 151,25 €

1 mesa de reunións redonda: 319,44 €

2 armarios altos con portas baixas e aberto na zona superior: 624,36 €

4 armarios baixos con portas: 895,40 €

1 silla operativa STAY, con base xiratoria: 313,39 €

6 sillas de confidente: 580,80 €

1 deshumificador troia 24 litros: 279,00 €

VALOR:.....3.940,66 €

## 7100004 ESCOLA INFANTIL DE AGRO NOVO

Termo eléctrico de 50 litros Baxi-Roca: 229,90 €

Andador bebé: 60,00 €

Balda de 30 mm con soportes ocultos, 3 de 160x30, 2 de 86x25 e 2 de 60x24 con un lateral de 24: 260,15 €

Mesa abatible en melamina de 19 mm de 160x54, con dúas baldas: 219,01 €

Moble almacenaxe: 205,70 €

2 espellos para os aseos de 50x50 cm.: 49,61 €  
 Moble baixo de 3 columnas e 8 gavetas (90x40x76,5): 359,37 €  
 Ventilador S&P Artic 405 CN: 40,00 €  
 Un automóbil de madeira: 363,80 €  
 Moble estantería de 120x30x90, para colgar en melanina de 19 mm con dous estantes, dúas baldas con soportes ocultos en 30 mm: 223,85 €  
 2 contenedores happy tote: 52,18 €  
 1 espello barra de aluminio con barra estabilizadora: 140,48 €  
 VALOR:.....2.204,05 €

#### 7.12.- MARQUESIÑAS NAS PARADAS DO TRANSPORTE ESOLAR

Vioxo de Abaixo: instalación dunha marquesiña subministrada por Marlo SL no 2015: 3.690,50 €  
 Soigrex, Os Ánxeles: instalación dunha marquesiña con banco, subministrada por Marlo SL no 2015: 3.623,95 €  
 VALOR:.....7.314,45 €

#### 7.13.- EDIFICIO DE PROTECCIÓN CIVIL

3 colchóns visconfort 90x190: 540,00 €  
 Lanza xeradora de espuma de media expansión modelo M2 s/V, rosca 2": 435,60 €  
 Mezclador de espuma en línea modelo Z4R: 412,01 €  
 VALOR:.....1.387,61 €

#### 7140001 SINAIS VERTICAIS

Realizáronse obras de instalación sinalización vertical en distintos puntos do termo municipal. A obra "Instalación de sinalización vertical sobre o distinto viario municipal a restaurar e completar, distribuídas dentro do termo municipal" foi adxudicada á empresa Marcas Viarias SL por resolución da alcaldía do 23 de febreiro de 2015, por importe de 8.432,05 €. A obra foi recibida o 9 de setembro de 2015.

1 sinal cadrada de paso de peóns: 67,76 €  
 21 sinais octogonais de stop: (67,76 €/unid) 1.422,96 €  
 1 sinal triangular de ceda o paso: 67,76 €  
 1 sinal cadrada de praza de minusválidos: 67,76 €  
 6 sinais circulares de límite de velocidade: (67,76 €/unid) 406,56 €  
 90 sinais rectangulares informativas de núcleos de poboación: (49,85 €/unid) 4.486,50 €  
 24 postes de soporte de sinais en aceiro galvanizado: (23,60 €/unid) 566,40 €  
 VALOR:..... 8.432,05 €

Realizáronse obras de pintado de sinalización horizontal con pintura reflexiva nas distintas urbanizacións do Concello de Brión e colocación de sinais verticais. A obra "Seguridade viaria consistente en obras de pintado de sinalización viaria dunha serie de urbanizacións (Rúa Inxerido, Balneario do Tremo, Lamas de Albariño, Monte Devesa, Agro Novo, Monte Balado e Río Pego)" foi adxudicada á empresa Marcas Viarias SL por resolución da alcaldía do 12 de febreiro de 2015, por importe de 18.616,47 €. A obra foi recibida o 9 de setembro de 2015.

39 sinais cadradas de paso de peóns: (67,76 €/unid) 2.642,64 €  
 1 sinal octogonal de stop: 67,76 €  
 1 sinal triangular de ceda o paso: 67,76 €  
 21 sinais cadradas de praza de minusválidos: (67,76 €/unid) 1.422,96 €  
 VALOR:..... 18.616,47 €

#### 7.20.- NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE

Toldo para lucernario: 3.689,29 €  
 2 monitores de 24" Samsung LS24C300BS: 302,50 €  
 1 PC intel dualcore I3, 20 GHZ, 4GB RAM, lector multitaxetas: 671,55 €  
 VALOR:..... 4.663,34 €

#### 7.22.- MOBILIARIO URBANO

2 papeleiras modelo Boqueixón: (102,85 €/unid) 205,70 €

VALOR.....205,70€

**BAIXAS**

7010003 NAS OFICINAS XERAIS

1 ordenador E5500 home premium: 649,00 €

VALOR:.....649,00 €

7.03 ESCOLA DE MUSICA

Impresora lexmark C720: 171,68 €

2 impresoras Epson EPL-5700: 176,32 €

1 clarinete bernanrd: 135,00 €

1 atrís opacos: 36,00 €

VALOR:.....519,00 €

7.04 BIBLIOTECA MUNICIPAL

2 sillas march G tapizadas en bali azul: 201,38 €

4 sillas giratorias city respaldo alto: 302,11 €

Ordenador Inter Pentium IV 2.66 GHZ 491 MB de RAM, Monitor 17" Samsung: 800,00 €

6 mesas de biblioteca

Ordenador AMD Athlom XP2600. 700,00 €

Monitor TFT 17". 489,00 €

Deshumificador General Electric. 379,00 €

Aspirador Siemens. 219,00 €

Mostrador de Biblioteca

3 auriculares

1 armario laminados 100x74x40. 20.373 pts (122,44 €)

Video Samsung mod. VXK-307. 39.900 pts (239,80 €)

Teléfono-fax Samsung SF-365TP. 60 €

VALOR:.....3.512,73 €

7.07 GARAXE-ALMACEN

70 sillas de nogueira tapizadas. 231.000 pts.(1.388,34 €)

VALOR:..... 1.388,34 €

7.08. CASA DA CULTURA

Fotocopiadora Gestetner DSm618d. 1.700,00 €

Impresora Lasser OKI C3300. 406,00 €

Scanner Hp 4370. 125 €

Impresora HP Laserjet1018. 158,63 €

11 web cam creative. 141,90 €

11 auriculares con micrófono incorporado. 53,46 €

1 TV 38" Grunding Sedance,.

VALOR:..... 2.584,99 €

7100004.- ESCOLA INFANTIL DE AGRO NOVO

1 radio casete sanyo:52,20€

1 quenta biberóns e potitos: 22,24€  
 2 colchonetas de 200x100x5 cm sin decorar: 245,69 €  
 1 radio casete : 50,00€  
 1 moble baixo con portas: 250,00 €  
 1 mesa redonda 73,28 €  
 3 sillas de plástico: 58,44 €  
 20 camitas apilables  
 14 mantas, 20sábanas baixas e 20 almofadas para as camitas  
 11 sillas  
 1 armario con 24 cubetas pequenas: 378,00 €  
 1 radio casete  
 1 colector de coches: 37,44 €  
 3 persianas venecianas de aluminio  
 5 sillas de plástico  
 1 radio casete  
 1 mesa redonda: 73,28€  
 3 estores  
 3 sillas de cores: 38,96 €  
 1 mesa redonda de madeira : 73,28€  
 8 deshumificadores  
 1 microondas  
 1 radiocasete Grunding: 55,00 €  
 1 silla nido: 21,89 €  
 1 andador: 38,70 €  
 Cadena musical: 79,00 €  
 3 hamacas extra: 196,26 € (65,42 €/und)  
 1 silla nido: 21,89 €  
 Subministro e colocación de 2 pechaduras para moble: 52,03 €  
 Hamaca extra: 57,92 €

VALOR:..... 1.875,50 €

#### RESUME DO INVENTARIO DO ANO 2015

<b>Altas no ano 2015</b>	<b>652.656,21 €</b>
<b>Baixas no ano 2015</b>	<b>10.529,56 €</b>
<b>Inventario a 31.12.2014</b>	<b>35.122.832,52 €</b>
<b>Inventario a 31.12.2015</b>	<b>35.764.959,17 €</b>

2º) Remitir copia íntegra do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Debate: non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

**6º) APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2016.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 12.04.2016, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, que actúa como Comisión Especial de Contas do concello en sesión do 19.04.2016, que transcrita di:

Por parte da intervención municipal remítese a relación de facturas (2016/14) para a súa tramitación mediante a figura do recoñecemento extraxudicial de crédito por tratarse de gastos do exercicio 2015, que tiveron entrada no concello nos meses de febreiro, marzo e abril de 2016 no rexistro de facturas.

Os gastos que se propoñen para recoñecemento responden a servizos e subministros efectivamente recepcionados, sen embargo a tramitación do gasto non foi posible no exercicio 2015, xa que a facturación tivo entrada no concello nun momento posterior.

Considerando o disposto no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo 1º do Título VI, da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais en materia de orzamentos, que establece que poden aplicarse aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do mencionado Real Decreto 500/1990, artigo que recolle a figura do recoñecemento extraxudicial de créditos, o que establece textualmente que “corresponde ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria”, esta alcaldía no exercicio das facultades que me atribúe a lexislación vixente, previo informe da Comisión Informativa Especial de Contas, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar e dispoñer os gastos e o recoñecemento das obrigas correspondentes a exercicios anteriores e derivados das facturas que se relacionan a continuación, por un importe total de TRES MIL CENTO TRINTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (3.132,53 euros), con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas do orzamento vixente.

Nº de Ent.	Data	Data Dto.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Partida
F/2016/424	08/02/2016	14/12/2015	111,71	A28017895	EL CORTE INGLES S.A.	FRA. Nº 95399718; DVDs BIBLIOTECA PUBLICA MUNICIPAL (PUNTO DE LECTURA DE IGUALDADE)	2016332162900
F/2016/499	25/02/2016	31/01/2016	1.331,00	B70398730	MARCAS VIARIAS S.L.	FRA. Nº 16/14; MODIFICACION SEÑALIZACION DE MINUSVALIDOS NAS URBANIZACIONES	2016153262500
F/2016/532	02/03/2016	11/09/2015	802,41	B15326036	WURTH, S.L.	FRA. Nº 461/2; RENOVACION CONTRATO SOPORTE E MANTEMENTO APLICACIONES: CONTABILIDADE,PAT RIMONIO,PRESUPOSTOS, PADRON	201692021600

F/2016/1037	13/04/2016	31/03/2016	887,41	B15222805	TRABAJOS DE ALUMINIO S.L.	FRA. Nº 07/16; PORTAS. ESCOLA DE SABAXANS	201632362200
TOTAL			3.132,53				

Debate: non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

#### **7º) DACIÓN DE CONTA DO PLAN PRESUPOSTARIO A MEDIO PRAZO 2017-2019.**

Por intervención, de orde do Sr. Alcalde, se informa do plan presupostario a medio prazo 2017-2019, que foi remitido ao Ministerio de Facenda con anterioridade, e que substitúe aos anteriores marcos presupostarios, para os efectos de que o ministerio poida facer as previsións de déficit para eses anos; a grandes rasgos se recollen uns pequenos incrementos nalgúns tributos e en gastos un lixeiro incremento en gastos de persoal, manténdose os investimentos, e teñen os cadros remitidos ao ministerio a súa disposición.

O Pleno queda enterado.

#### **8º) MOCIÓNS.**

Apróbase por unanimidade dos trece membros presentes a urxencia das seguintes mocións.

##### **8.1.) MOCIÓN PARA SOLICITAR A INCLUSIÓN DO CONCELLO DE BRIÓN NA SECCIÓN DE ENTIDADES LOCAIS CON VILAS MINERAIS E TERMAIS DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS.**

Dada conta polo Sr. Concelleiro do grupo municipal do PP García Arcos da moción, que transcrita di:

Nas últimas datas asistimos no concello á colocación de paneis indicativos que catalogan ao concello como Vila Termal dentro do programa de sinalización levado a cabo pola Xunta de Galicia da man coa Federación Española de Municipios e Provincias.

Como reacción a estes paneis rexístrase no Parlamento de Galicia o 15 de marzo unha pregunta do grupo parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda onde se deixa entrever que estamos ante publicidade enganosa, baseándose en que as augas de Brión son augas sulfurosas frías, confundindo a palabra terma, co termo termal, xa que na sección de tipoloxía de augas termais da sección de Vilas Termais da FEMP atopamos que nas Vilas Termais existen gran variedade de tipos de augas con diferentes características e temperaturas.

Debido a esta pregunta parlamentaria que por descoñecemento o único que fai e prexudicar ao Concello de Brión, con fontes catalogadas como mineiro medicinais desde 1928, o grupo municipal do Partido Popular de Brión solicita que se leve a votación en pleno a adhesión do

noso concello á Sección de entidades locais con Vilas Minerais e Termals, onde os requisitos son:

- Trátase dunha entidade local asociada á Federación Española de Municipios e Provincias.
- Dispor no territorio de augas declaradas ou que se pretendan declarar como augas minerais ou termals.
- Dispor no territorio de establecementos balnearios ou de plantas de envasado de augas minerais naturais, en funcionamento ou en proxecto de construción.

Dado que o concello cumpre perfectamente os tres requisitos necesarios para formar parte desta sección, creemos que sería moi beneficioso para Brión a promoción turística, a difusión informativa e as políticas de colaboración que a pertenza a esta sección de Vilas Minerais e Termals, onde hai máis de 100 corporacións locais, nos ofrece. Logrando tamén que o recoñecemento a todos os efectos de Brión como Vila Termal freando así calquera tipo de malentendido ou desinformación.

Debate:

O Sr. Concelleiro García Arcos sinala que somos vila termal desde hai moitísimo tempo e iso só nos pode outorgar beneficios, non creo que xere ningún problema para o concello.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que é certo que hai unha indefinición do que é unha vila termal; que nós cuestionamos isto un pouco na pregunta que presentamos para este pleno porque o concello coloca as sinais sen informar antes aquí; que si se cumpren os parámetros que sinala a normativa se pode aprobar, que a normativa de balnearios di claramente o que é un balneario, que o debate debería terse celebrado antes para ver se interesa entrar ou non.

O Sr. Alcalde sinala que estamos totalmente de acordo coa moción, só quero facer uns pequenos comentarios: que nós non tiñamos ningunha información, igual que vostedes, ata que vimos os carteis; o balneario do Tremo é membro da Asociación Española de Balnearios e colocounas; Brión é vila termal e isto é beneficioso para o concello e quero engadir que as augas ferruxinosas entre Soigrex e Estrar teñen propiedades específicas para anemias e trastornos do desenvolvemento, e que as augas do Tremo son termals posto que saen quentes e van arrefriándose a medida que saen e por iso son quentadas despois e dicir tamén que se sinalicen outras fontes existentes e que o acordo é entre a Xunta, a Femp, e esa asociación de balnearios.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que a xente para a pregunta onde están as fontes.

O Sr. Concelleiro García Arcos sinala que por iso se di na moción que se sinalice tamén esas fontes.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que o concello terá que dicir algo, non só a Xunta e a Femp.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción.

## **8.2. ESCRITO DE CONCELEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE RENUNCIA DO CARGO DE CONCELEIRA.**

Dáse lectura do escrito presentado pola concelleira do grupo municipal do PP Patricia Agrafojo Lois, de data 18.04.2016, con rexistro de entrada no concello núm. 1590, do 18.04.2016, polo que comunica ao concello a súa renuncia por motivos persoais do cargo de concelleira, que lle imposibilitan para levar a cabo o seu desempeño coa dedicación que tal responsabilidade conleva.

O Sr. Alcalde sinala que quere agradecerlle o traballo desenvolvido polo concello que estou seguro que o fixo coa mellor das intencións e desexarlle moita sorte na súa nova etapa.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira sinala que quere agradecerlle a toda a corporación o bo trato recibido durante este tempo.

Consonte co disposto na instrución da Xunta Electoral Central do 10 de xullo de 2003, o Pleno:

1º) Toma coñecemento da renuncia do cargo de concelleira de Patricia Agrafojo Lois, concelleira do grupo municipal do PP, indicando que a xuízo da corporación a persoa á que lle corresponde cubrir a vacante consonte coa lista de candidatos proclamados polo PP nas últimas eleccións municipais do ano 2015 é Saturnino Abete Redondo.

2º) Que se remita certificación deste acordo á Xunta Electoral Central para que proceda a expedir a credencial de concelleiro para os efectos da substitución da concelleira dimisionaria.

## **9º) ROGOS E PREGUNTAS.**

### **9.1.) Rogos e preguntas formuladas por escrito polo grupo municipal do BNG:**

1-. A través dalgúns veciños/as chegaronnos queixas sobre a pésima calidade da auga en determinadas zonas do noso concello ( achegamos fotos). Esta problemática acentúase sobre todo en días de choiva.

É coñecedor o concello desta problemática?, vaise esixir unha maior atención por parte dos responsables da calidade da auga?

Responde o Sr. Alcalde que isto se debe a que unha persoa presentou unha reclamación á concesionaria, que a analizou e lle contestou á interesada, remitindo copia disto ao concello; e cando chega aquí a reclamación se require a empresa para que informe sobre cales son as causas da turbidez da auga que denuncia esta veciña e as medidas que está a tomar a empresa para que eses feitos non se volvan a repetir e remita informe que acredite que os límites de turbidez respectan a normativa vixente.

Sinala o Sr. Alcalde que a empresa remitiu a documentación requirida (r.e. 1299, do 31.03.2016), na que se sinala:

Que a potabilidade da auga de consumo na rede de abastecemento á poboación está asegurada en todo momento e en consonancia coa normativa sanitaria recollida no Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano. Proba diso son:

- . As análises de control que de maneira periódica son realizados á saída dos depósitos xerais, en diversos puntos da rede e no grifo do consumidor e cuxos resultados, ademais de aparecer recollidos no sistema de información nacional de auga de consumo (SINAC) do Ministerio de Sanidade, son remitidos periodicamente ao Concello de Brión.



- A autoridade sanitaria dentro do "Programa de vixiancia sanitaria de augas de consumo da comunidade autónoma de Galicia" realiza a inspección da rede de abastecemento e instalacións coa finalidade de comprobar o cumprimento das condicións hixiénico - sanitarias establecidas na normativa vixente, e nos dous últimos anos, nunca detectaron anomalías debido a problemas de turbidez no termo municipal de Brión.

Engade o concesionario que no que respecta á reclamación que motiva a apertura do requirimento manifestar:

-. Que o día 9.3.2016, dez minutos despois de recibir a chamada telefónica na que se nos informa da existencia de problemas de turbidez na auga, se presenta un operario do servizo e toma unha mostra á entrada da instalación interior ( á altura do contador) para analizar, obtendo valores baixos e sempre dentro dos límites legais contemplados na normativa sanitaria.

-. Ao día seguinte se volve a verificar os valores de turbidez e se toman mostras de auga nas vivendas que están a beira ofrecendo de novo valores baixos e sempre dentro dos límites legais.

Nos últimos meses non se ten rexistrado ningunha reclamación por turbidez na auga no termo municipal, agás a que motiva o expediente, polo que podemos deducir que se trata dun problema illado, con posible orixe dentro da vivenda da reclamante e en terceiro lugar sinalar que segundo se establece no contrato para xestión do servizo de auga potable a Brión a obrigaón do concesionario comprende ata a chave de rexistro instalada na arqueta e a dirección de Espina y Delfín non autoriza que o seu persoal realice traballos non recollidos dentro do ámbito do contrato, por todo o que propón: que de cara a clarificar dita reclamación e en aras a determinar a posible causa, e sempre que se conte coa autorización previa do concello e da reclamante, o concesionario se compromete a persoarse na vivenda para analizar cal podería ser a orixe da turbidez e asesorar á abonada na resolución do problema.

O Sr. Alcalde sinala que o informe do concesionario é claro e contundente: do contador para fora non se encontra nada e que é a única reclamación coñecida de todo o concello.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que cando foi alí o técnico da empresa a interesada lle preguntou si el bebería e lle dixo que "nin de coña".

O Sr. Alcalde sinala que do contador para dentro da casa, non para fora, isto é importante.

2-. Despois do pleno extraordinario dos orzamentos do mes anterior, vimos con sorpresa como aos poucos días deste pleno na facebook e noutras páxinas dunha organización política deste concello facíase referencia a presuntos datos referentes ao pago de tributos dos concelleiros do BNG de Brión. Sen entrar a opinar neste pleno sobre dito lamentable feito nin as posibles actuacións que poida levar a cabo o noso grupo, pero si coa fin de non chegar a conclusións máis preocupantes gustaríanos saber cal é a política en materia de LOPD do concello, e por suposto a confirmación de que dita información de todos e todas os/as veciños/as non está a disposición de ningún organismo privado, político ou de calquera tipo, agás do concello para as cuestións obvias.

Responde o Sr. Alcalde que non se fai ningunha referencia concreta a concelleiros do BNG, fálase do BNG en xeral, non hai ningunha revelación de datos, e no concello temos un regulamento que se aplica con normalidade e con sentido común e está validado pola Axencia Estatal de Protección de Datos; non sabemos o porqué do enfado, que non son todos os titulares de coches do BNG de Brión os que teñen os coches fóra, contestamos á liña de actuación proposta polo BNG no pleno do orzamento, non se nomea a ningún concelleiro.

O Sr. Concelleira Pena Espiña sinala que se tira a pedra e se esconde a man; se hai que dicir as cousas se explican e se pode dicir porqué non están aquí domiciliados, que non é o caso, creo que é unha puñalada trapeira e nunca se fixo antes neste concello este tipo de declaracións.

O Sr. Alcalde sinala que tampouco a min me gusta como fai vostede as preguntas personalizando en min cando eu non son o concello; creo que se contestou correctamente, como tamén vostede fixo a pregunta correctamente.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña pregunta, dos que estamos aquí quen ten o coche fóra?

O Sr. Alcalde responde que vostedes saberán, eu non teño nin idea.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que vostedes empregaron información de forma persoal e política, fan como Montoro, e esas son malas prácticas.

O Sr. Alcalde sinala que eu respondo ao que vostede me pregunta, máis nada; non entendo o seu cabreo.

O Sr. Concelleiro pregunta, vostedes cren que eu non teño aquí o coche?

O Sr. Alcalde responde que non teño nin idea.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que é moi triste que unha proposta que nós facemos en positivo, vostedes lle dean a volta dicindo que é unha proposta ilegal e que se trata de subir os impostos.

O Sr. Alcalde sinala que non é así, vostede fixo unha proposta ilegal como incumprir a estabilidade orzamentaria e a regra do gasto, e solicitar a revisión catastral que si que é unha suba de impostos.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que a proposta non é como di vostede, é que paguemos todos o imposto sobre bens inmobles.

Remata o Sr. Alcalde dicindo que algo debe de haber cando vostedes o toman de maneira tan persoal e que isto é Brión, non Madrid, e non se fai uso dos datos.

3-. Tras a sorpresa que significou para moitos/as veciños/as ver que o seu concello é considerado Vila Termal ( sen que moitos fóramos conscientes de tal feito, agás dun balneario na zona do Tremo) temos as seguintes cuestións:

- En que consiste dito nomeamento nun concello como o noso?
- Cal é o suposto beneficio económico ou turístico para o concello?
- Hai algún plan de promoción ( do concello, da deputación, da xunta...) que implique un beneficio para a veciñanza?
- Porqué non houbo ningunha información previa sobre este tema a ningún grupo municipal (que non fora socialista)?
- Xa postos, hai previsión de facer algún folleto ou guía concreta sobre a situación das termas no noso concello?

Sinala o Sr. Concelleiro Pena Espiña que se da por contestada coas exposicións da moción anterior.

4. Nos pasados días un tremendo terremoto afectou aos nosos irmán ecuatorianos. Decenas de mortos, desaparecidos e numerosos danos materiais están a afectar á nación ecuatoriana, tan presente entre nós.

Rogamos que o Concello de Brión poña en marcha os mecanismos necesarios que permitan canalizar, e mesmo priorizar, as accións de axuda que a cidadanía quixera realizar.

Responde o Sr. Alcalde que pola situación xeográfica de Ecuador non podemos facer ningún tipo de envío pero se calquera ONG nos di que está preparando un envío faremos como se fixo sempre, como cos refuxiados a través de Brión Solidario e subirase á páxina web, nós facilitaremos todo o que poidamos.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que se abra unha conta e se faga un bando.

O Sr. Alcalde sinala que faremos no que estea nas nosas mans e no momento en que se nos informe; por exemplo, onte ía saír un avión e ao final non saíu porque non era necesario; nós faremos como sempre a través de Brión solidario e mediante a páxina web.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e cincuenta e dous minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González